

---

# Programación Voluntariado Escolar

Curso 2019/20

---



---

**IES Punta Candieira**

---

# Contido



<b>1. Introducción e contexto.</b>	<b>2</b>
1.1. <i>Introdución</i>	2
1.2. <i>Contexto</i>	4
<b>2. Secuenciación e temporalización.</b>	<b>5</b>
<b>3. Relación cos obxectivos do Bacharelato.</b>	<b>6</b>
<b>4. Relación coas Competencias clave e os elementos transversais</b>	<b>7</b>
<b>5. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Relación cos obxectivos e as competencias.</b>	<b>8</b>
<b>6. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Avaliación inicial.</b>	<b>10</b>
<b>7. Concrecións metodolóxicas e atención á diversidade. Materiais e recursos didácticos. Actividades complementarias e extraescolares.</b>	<b>13</b>
<b>8. Indicadores de logro. Revisión da programación.</b>	<b>14</b>
<b>9. Aprobación da programación.</b>	<b>16</b>

---

# 1. Introducción e contexto.

---

## 1.1. Introducción

A asignatura de VOLUNTARIADO ESCOLAR é unha proposta da Biblioteca Escolar do IES Punta Candieria de Cedeira como materia de libre configuración de centro para o alumnado de Bacharelato, cunha carga lectiva de unha hora semanal.

A educación en valores e en competencias (nomeada pero non exclusivamente a social e cidadá), a procura da compensación das desigualdades e a mellora da convivencia son as liñas mestras que guían esta programación. Son as liñas marcadas tanto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social. Ambas institucións colaboran estreitamente no programa de Bibliotecas Solidarias no que dalgún xeito se inspira a nosa proposta. Por exemplo, o devandito programa de Bibliotecas Solidarias ou o Plan LÍA de Bibliotecas Escolares contemplan entre os seus obxectivos o de “incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, aproveitando os seus recursos para unha mellor atención da diversidade, e unha máis óptima atención á multiculturalidade, ás necesidades educativas específicas e ao plurilingüismo”, así como o de “estimular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa”. Ademais, unha das funcións da biblioteca escolar é a de axudar a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e de acceso ao coñecemento, poñendo a disposición de todo o alumnado, independentemente da súa situación socioeconómica, todas as ferramentas precisas para avanzar na súa formación como lector crítico e como usuario e produtor de información, competencias claves na actual sociedade da información.

A formación do alumnado en actitudes solidarias e de compromiso co seu entorno máis próximo, pero tamén co mundo no que vive e coa sociedade na que está integrado, pode facerse desde varios ámbitos (a ecoloxía e o medio ambiente, a saúde, a mediación para a convivencia, a coeducación, a igualdade, a implicación na cultura de Paz ou de defensa dos Dereitos Humanos, a educación en valores en xeral), sendo o ámbito da biblioteca e da lectura, unha posibilidade ao alcance de todos os centros que contan

cunha biblioteca activa como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. As novas bibliotecas están a transformarse en espazos de encontro entre os distintos sectores da comunidade escolar, en lugares de intercambio de información e de construción de coñecemento, a través dunha variedade de actividades que poñen o enfoque, cada vez máis, nesa experiencia compartida de lectura. Os recursos dos que dispoñen, de maneira física ou virtual, alcanzan, a través das actividades programadas, a un importante número de persoas de diferente idade, nivel de formación, intereses, orixe socioeconómica ou sensibilidade. Fóra da súa mera existencia e da difusión dos recursos dispoñibles, cómpre o deseño decidido de actividades que contribúan a un uso cotiá destes instrumentos culturais por parte do alumnado que máis o precisa. As bibliotecas escolares dos centros de ensino non universitario (nomeadamente aquelas que están integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, como é o caso do noso IES) contan, en moitas ocasións, con grupos de colaboradores que de forma voluntaria participan na xestión e organización da biblioteca, así como en actividades de extensión cultural ou de formación de usuarios, contribuíndo así a que a biblioteca sexa un espazo compartido de convivencia e de aprendizaxe.

A nosa liña de actuación seguirá as propostas do Plan de Bibliotecas Solidarias. Así, como se indica na convocatoria de decembro de 2016 no seu apartado 3.:

### Apartado 3: Voluntariado na biblioteca escolar

1. Os centros de ensino secundario, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas de persoas adultas), de titularidade da consellería, que contan con grupos formalizados de alumnado colaborador poden adherirse a esta iniciativa, co fin de que o alumnado poida ver recoñecido o seu labor mediante un diploma (no caso dos menores) ou un certificado de horas de voluntariado na biblioteca escolar (no caso dos maiores de idade).

Esta iniciativa pretende favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego, especialmente no ámbito cultural, que poderá materializarse en actividades de colaboración na biblioteca escolar ou a través de actividades de lectura compartida ou de traballo coa información,

organizadas pola biblioteca, dentro ou fóra do centro. Estas actividades deberán contribuir á educar ao alumnado para a solidariedade.

Unha programación debe ser a ferramenta que guíe o traballo en cada curso e cada centro concretos. Como tal, debe estar baseada na análise do alumnado e a comunidade educativa ao que vai dirixida.

Parte fundamental do contexto é, especialmente no caso do curso actual, a implantación xa completa da LOMCE, que leva consigo unha importante modificación tanto nas metodoloxías como na avaliación e na estrutura da propia programación. E, no caso dunha asignatura como esta, de nova implantación, con máis razón a presente debe ser unha programación especialmente flexible e aberta, que entendemos como un instrumento en permanente revisión e perfeccionamento; as modificacións ou melloras que se podan ir realizando serán oportunamente recollidas e engadidas provisionalmente en anexos que se incorporarán ao corpo xeral do documento para o vindeiro curso escolar

## 1.2. Contexto

As actividades desenvolvidas nos últimos cursos na BE veñen a consolidar un contexto que fundamenta a oferta desta materia de libre configuración. O que se pretende, ao fío da exposición anterior, é consolidar algunhas iniciativas que se están a desenvolver e proxectar outras para dar maior arraigo ao papel que as bibliotecas deben ter nos centros de ensino. As razóns contextuais que están detrás da proposta son:

- Desenvolvemento e profundización nos programas de voluntariado que se veñen desenvolvendo nos dous últimos anos, cunha formación máis exhaustiva tanto nas actitudes solidarias como no compromiso co entorno máis próximo. Esta continuidade, que se incardina no programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, integrado no Plan LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, ofrece aos alumnos oportunidade de acadar recoñecemento de horas de voluntariado en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.
- Fomento de iniciativas solidarias e de compromiso por parte do alumnado en contactos e colaboracións con ONG, grupos de desenvolvemento social do Concello de Cedeira ou participación nas campañas solidarias que o centro desenvolva.

- Construción de coñecemento a través da lectura, a información e a aprendizaxe.
- Promoción da biblioteca como lugar de intercambio de información e construción de coñecemento mediante a variedade de actividades centradas na experiencia compartida da lectura, facendo especial fincapé nas carencias de alumnos de grupos especialmente desfavorecidos.
- Xestión e organización da biblioteca para deseñar tanto as actividades de formación de usuarios como as propostas e animación á lectura ou os deseños e organización do espazo.

---

## 2. Secuenciación e temporalización.

---

No desenvolvemento da materia debemos ter presente que se trata dunha das asignaturas que só conta cunha hora de clase semanal. Prevese polo tanto a seguinte temporalización:

- I. 1ª fase (outubro / novembro): información, formación; “prospección” das posibles actuacións
- II. 2ª fase (novembro / decembro): compromisos e planificación das actuacións a desenvolver
- III. 3ª fase (xaneiro / abril):
  - a. Actuación, necesariamente fóra da aula: biblioteca, aulas específicas e outros espazos do IES e mesmo en ubicacións externas de asociacións coas que se colabora.
  - b. Seguimento na aula: dificultades, logros...; tratamento colectivo, en asemblea e atención individualizada.
- IV. 4ª fase (maio / fin de curso): avaliación
  1. Autoavaliación
  2. Avaliación polo profesorado
    - a. produción do alumnado (portfolio)
    - b. participación na aula (rúbricas)
    - c. enquisa (poboación obxecto das actuacións)

A temporalización por estándar reflíctese na táboa incluída no apartado 6 desta programación

---

## 3. Relación cos obxectivos do Bacharelato.

---

Segundo se especifica no decreto de currículo, o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. É evidente a estreita relación que este obxectivo ten coa materia que estamos a tratar. Concretamente cremos que os seguintes obxectivos do bacharelato serán especialmente traballados na materia de Voluntariado Escolar:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Pola súa vertente procedemental consideramos que tamén se desenvolverían os seguintes:

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación

---

## 4. Relación coas Competencias clave e os elementos transversais

---

A carga principal da asignatura relaciónase, evidentemente, coas Competencias sociais e cívicas (CSC) e o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Os aspectos máis procedementais, que teñen que ver coa recollida e comunicación de información, fan que se desenvolvan tamén as competencias de Comunicación lingüística (CCL), Dixital (CD) e de Aprender a aprender (CAA). A relación de cada estándar coas competencias clave recóllese na táboa incluída no apartado 5. desta programación Segundo o decreto de currículo,

“1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias” E

“2. [...] A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia”

O plantexamento xeral da asignatura descansa sobre a idea de Voluntariado, idea que leva inherentes os conceptos de “educación cívica e constitucional”, a “prevención de calquera forma de violencia” e o “emprendemento”. A procura de información inicial e a realización dun portfolio implicarán o traballo da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación



audiovisual e as TIC.

## 5. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Relación cos obxectivos e as competencias.

Voluntariado escolar				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Voluntariado: conceptos básicos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Concepto de voluntariado: principios e obxectivos básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entender o concepto de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E.1.1. Explica os conceptos básicos que informan a acción de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aspectos legais da acción de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer as normativas que regulan a acción de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 1.2. Comenta os principios básicos da normativa que regula a acción do voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 2. Aspectos prácticos da acción do voluntariado</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O voluntariado escolar:</li> <li>▪ 1. Atención ás necesidades de apoio (aprendizaxe e titorías entre iguais).</li> <li>▪ 2. Apoio á Biblioteca: formación e acompañamento de usuarios.</li> <li>▪ 3. Apoio á Biblioteca: aspectos organizativos (sinalización, orde...)</li> <li>▪ 4. Apoio á Biblioteca: deseño e posta en marcha de actividades</li> <li>▪ 5. Atención ás necesidades de adaptación ao medio escolar para o alumnado de recente incorporación ao Centro (acompañamento, prevención de conflitos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Analizar as distintas posibilidades de voluntariado no marco escolar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 2.1. Enumera e describe distintas posibilidades de accións de voluntariado no marco escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<b>Voluntariado escolar</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Infraestruturas e organización</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Analizar as dificultades prácticas que xorden na organización de actividades de voluntariado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 2.2. Realiza unha previsión realista dos posibles atrancos e as solucións que se poden adoptar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 3. Actuación de voluntariado escolar</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Definición de obxectivos, análise dos medios dispoñibles e deseño de accións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Definir obxectivos e deseñar actuacións coherentes e factibles</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 3.1. Define obxectivos realizables</li> <li>▪ V.E. 3.2. Deseña actuacións coherentes cos obxectivos definidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Posta en práctica das accións deseñadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar accións previstas</li> <li>▪ Documentar a realización das accións postas en práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 3.3. Pon en práctica con continuidade e eficacia as accións previstas</li> <li>▪ V.E. 3.4. Documenta con rigor a realización das accións postas en práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A difusión das accións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Deseñar un plan de difusión das accións realizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 3.5. Deseña un plan factible de difusión das accións realizadas, incluíndo TIC</li> <li>▪ V.E. 3.6. Difunde as accións postas en práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 4. Avaliación das actuacións</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A avaliación das actuacións: consecución dos obxectivos propostos, incidencia nos outros, incidencia no voluntario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar elementos de avaliación das accións levadas a cabo</li> <li>▪ Deseñar instrumentos de avaliación</li> <li>▪ Aplicar os instrumentos de avaliación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ V.E. 4.1. Realiza unha avaliación obxectiva das accións previstas e as levadas a cabo</li> <li>▪ V.E. 4.2. Realiza unha autoavaliación reflexiva das aprendizaxes individuais acadadas a nivel competencial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>

## 6. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Avaliación inicial.

Para a avaliación da materia empregaranse os seguintes instrumentos:

1. Portfolio persoal do alumnado participante: diario de aula, produción do alumnado, documentación diversa das actuacións (fotografías, materiais elaborados,...). Para a avaliación do portfolio empregaranse rúbricas e listas de control.
2. Rúbricas de observación na aula.
3. Enquisas realizadas á comunidade educativa (nomeadamente os usuarios da Biblioteca e os beneficiarios directos das actuacións programadas).

Criterios de cualificación:

1. O portfolio documenta axeitadamente os contidos e actividades desenvolvidos na aula ou fóra dela.
2. Apréciase coherencia entre os obxectivos e as actividades propostos
3. As actividades propostas son diversas e factibles, e o grao de continuidade/seguimento das mesmas é aceptable.
4. O alumnado consegue un aceptable grao de autonomía no deseño, organización e desenvolvemento das actividades.
5. As actividades difúndense a través da rede (blogue da biblioteca, páxina web do centro) ou doutros medios.
6. Prodúcese una incidencia positiva en distintos sectores da comunidade educativa e nos beneficiarios individuais das accións realizadas.
7. O alumnado realiza una autoavaliación obxectiva e reflexiva.

O peso das unidades didácticas na cualificación outorgada en cada avaliación será o seguinte:

Cualificación da avaliación	Cualificación da UD 1	Cualificación da UD2	Cualificación da UD3	Cualificación da UD4	Cualificación da UD5
1ª	30% (10-10-10)	70% (15-15-40)			
2ª	15%	35%	35% (25-10)	15% (10-5)	
3ª	10%	23%	45%	12%	10%

Nunha materia de carácter tan eminentemente competencial coma esta o sistema de avaliación inicial basearase na observación na aula, plasmada en rúbricas e listas de control e centrada nos aspectos relacionados coa organización do traballo en grupo e a definición e realización do portfolio. A partir dos resultados obtidos nela reforzaranse os aspectos máis febles observados.

Voluntariado escolar									
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Temporalización (aval)			Instrumentos de avaliación		
Bloque 1. Voluntariado: conceptos básicos				1ª	2ª	3ª	a	b	c
<ul style="list-style-type: none"> <li>Concepto de voluntariado: principios e obxectivos básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entender o concepto de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E.1.1. Explica os conceptos básicos que informan a acción de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>U.D. 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>80%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Aspectos legais da acción de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as normativas que regulan a acción de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 1.2. Comenta os principios básicos da normativa que regula a acción do voluntariado</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>80%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>
Bloque 2. Aspectos prácticos da acción do voluntariado				1ª	2ª	3ª	a	b	c
<ul style="list-style-type: none"> <li>O voluntariado escolar:</li> <li>1. Atención ás necesidades de apoio (aprendizaxe e titorías entre iguais).</li> <li>2. Apoio á Biblioteca: formación e acompañamento de usuarios.</li> <li>3. Apoio á Biblioteca: aspectos organizativos (sinalización, orde...)</li> <li>4. Apoio á Biblioteca: deseño e posta en marcha de actividades</li> <li>5. Atención ás necesidades de adaptación ao medio escolar para o alumnado de recente incorporación ao Centro (acompañamento, prevención de conflitos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar as distintas posibilidades de voluntariado no marco escolar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 2.1. Enumera e describe distintas posibilidades de accións de voluntariado no marco escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>U.D.1 (V.E.2.1.)</li> <li>U.D.2 (V.E.2.2.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>80%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Infraestruturas e organización</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar as dificultades prácticas que xorden na organización de actividades de voluntariado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 2.2. Realiza unha previsión realista dos posibles atrancos e as solucións que se poden adoptar</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>80%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>
Bloque 3. Actuación de voluntariado escolar				1ª	2ª	3ª	a	b	c
<ul style="list-style-type: none"> <li>Definición de obxectivos, análise dos medios dispoñibles e deseño de accións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Definir obxectivos e deseñar actuacións coherentes e factibles</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 3.1. Define obxectivos realizables</li> <li>V.E. 3.2. Deseña</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>U.D.2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>80%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>

Voluntariado escolar										
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Temporalización (aval)			Instrumentos de avaliación			
		actuacións coherentes cos obxectivos definidos								
<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en práctica das accións deseñadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar as accións previstas</li> <li>Documentar a realización das accións postas en práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 3.3. Ponen en práctica con continuidade e eficacia as accións previstas</li> <li>V.E. 3.4. Documenta con rigor a realización das accións postas en práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>U.D.3</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>90%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>10%</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>A difusión das accións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseñar un plan de difusión das accións realizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 3.5. Deseña un plan factible de difusión das accións realizadas, incluíndo TIC</li> <li>V.E. 3.6. Difunde as accións postas en práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>U.D.4</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>75%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>15%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>10%</li> </ul>	
<b>Bloque 4. Avaliación das actuacións</b>					<b>1<sup>a</sup></b>	<b>2<sup>a</sup></b>	<b>3<sup>a</sup></b>	<b>a</b>	<b>b</b>	<b>c</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>A avaliación das actuacións: consecución dos obxectivos propostos, incidencia nos outros, incidencia no voluntario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar elementos de avaliación das accións levadas a cabo</li> <li>Deseñar instrumentos de avaliación</li> <li>Aplicar os instrumentos de avaliación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>V.E. 4.1. Realiza unha avaliación obxectiva das accións previstas e as levadas a cabo</li> <li>V.E. 4.2. Realiza unha autoavaliación reflexiva das aprendizaxes individuais acadadas a nivel competencial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>U.D.5</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>80%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>X</li> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	

NOTAS: a. Portfolio. Producción do alumnado.

b. Rúbricas de observación na aula.

c. Enquisas

---

## 7. Concrecións metodolóxicas e atención á diversidade. Materiais e recursos didácticos. Actividades complementarias e extraescolares.

---

O carácter particular desta asignatura fai que a metodoloxía a aplicar estea completamente centrada no alumnado; máis que nunca o profesorado será simplemente o guía do proceso de aprendizaxe, que terá que orientar máis que dirixir. A atención á diversidade basearase nas indicacións aportadas polo Departamento de Orientación.

As actividades lectivas desenvolveranse na Biblioteca, contando cos recursos didácticos que esta nos ofrece (ordenadores, fondos).

Evidentemente non contaremos con libros de texto. Pero unha boa orientación inicial pódese atopar na web:

<http://xuventude.xunta.es/direccion-xeral-de-xuventude-e-voluntariado.html>

<http://xuventude.xunta.es/lexislacion-de-interese.html>

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php?mod=des&idc=5>

Rede de bibliotecas escolares de Galicia:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/18/78>

<http://www.hacesfalta.org/oportunidades/?sw=v>

<http://voluntariadodixital.xunta.gal/>

<http://www.agareso.org/es/quienes-somos>

<https://redescuelas.es.amnesty.org/index.php>

ou o programa de voluntariado escolar da UAM

En relación coa asignatura procurarase organizar unha actividade complementaria consistente na visita ao Centro de algún responsable de unha ONG con actividade na nosa contorna, ou de algún responsable ou persoa receptora dalgunha acción de voluntariado.

## 8. Indicadores de logro. Revisión da programación.

A análise e avaliación tanto da práctica docente como da programación son un paso fundamental na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta revisión producirase ao remate de cada avaliación, e as conclusións achegadas servirán para modificar a programación para o curso seguinte. Procurarase aplicar das táboas presentadas a continuación como elementos que provoquen unha reflexión máis extensa.

Para analizar a práctica docente e avaliar a eficacia da programación empregaremos os seguintes indicadores:

### A. Avaliación da práctica docente

	Indicadores	Escala			
		1	2	3	4
1	O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
2	Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado				
3	Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado				
4	Mantívose un contacto periódico coa familia por pare do profesorado				
5	Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
6	Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con				
7	Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				
8	Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
9	Dáse un peso real á observación do traballo na aula				
10	Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				
11	Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
12	Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
13	Elabóranse e propóñense actividades atendendo á diversidade				
14	Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
15	Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				
16	Combínase o traballo individual e en grupo				
17	Poténcianse estratexias de animación á lectura				
18	Poténcianse estratexias de comprensión oral				
19	Poténcianse estratexias de expresión oral				
20	Poténcianse estratexias de comprensión escrita				
21	Poténcianse estratexias de expresión escrita				
22	Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
23	Préstase atención aos elementos transversais vinculados aos estándares				
24	Ofrécense ao alumnado os resultados das probas / traballos, etc., de forma rápida				
25	Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
26	Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros				

27	Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación				
28	Aplicación e adecuación das ACS propostas e aprobadas				
29	Vincúlanse claramente as medidas de apoio, reforzo, etc., aos estándares				
30	Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

### b. Avaliación da programación

Indicadores		Escala			
		4	3	2	1
1	Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos aos elementos do currículo				
2	Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos				
3	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas				
4	Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos				
5	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
6	Adecuación da asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación				
7	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación				
8	Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver				
9	Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o Departamento				
10	Adecuación da secuencia de traballo na aula				
11	Adecuación dos materiais didácticos empregados				
12	Adecuación do libro de texto				
13	Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado				
14	Adecuación da proba de avaliación inicial, en relación coas competencias				
15	Adecuación da proba de avaliación inicial, en relación cos estándares				
16	Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua (probas,				
17	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación parcial				
18	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
19	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
20	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento do alumnado con materias pendentas				
21	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentas				
22	Adecuación das probas ao valor dos estándares				
23	Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. aos estándares				
24	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
25	Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas				
26	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre estándares, criterios e instrumentos de avaliación				
27	Adecuación dos mecanismos de información ás familias sobre criterios de cualificación				
28	Seguimento e revisión da programación ao longo do curso				
29	Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro				
30	Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia				



---

## 9. Aprobación da programación.

---

A presente programación foi presentada na CCP do día 9 de maio de 2017 para a súa aprobación.

Asdo: Rosa Ana Freire Calviño  
Coordinadora do Equipo da BE Punta Candieira  
IES Punta Candieira - Cedeira